



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE DECEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/62/2018.- MARIA LOURDES SEOANE FERRO.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación de vivenda situada na rúa Ponte do Sar nº 85.

LIC/1607/2018.- ALBERTO REGUEIRO GONZALEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para legalización de obras de ampliación de vivenda unifamiliar, piscina e cerre de parcela no lugar de Bando de Abaixo, 28

LIC/2090/2018.- ROSA MARIA PADERNE GOMEZ.- Conceder licenza para legalización de obras executadas e obras pendentes de executar na vivenda unifamiliar situada na rúa Fonte de Mallou, 24.

LAP/174/2018.- ASPAS.- Conceder licenza de obras de reforma e ampliación da edificación destinada a Centro de Día e Residencial para discapacitados psíquicos na rúa Santa Teresa Jornet, 17.

LIC/84/2019.- REBECA BERNÁRDEZ NOYA.- Conceder licenza para rehabilitación de edificio de pranta baixa para vivenda unifamiliar na rúa Trisca, 3.

LIC/1162/2019.- COLEGIO MAYOR AROSA.- Conceder licenza de obras para rehabilitación do Colexio Maior Universitario sito na rúa Laverde Ruíz, 1.

LIC/312/2019. JOSEFA FERNÁNDEZ SEGADE.- Conceder licenza de obras de conservación e mantemento e ampliación de vivenda unifamiliar situada na rúa de Muos, 71.

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación de vivenda situada na rúa Ponte do Sar nº 85. LIC/62/2018. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para legalización de obras de ampliación de vivenda unifamiliar, piscina e cerre de parcela no lugar de Bando de Abaixo, 28. LIC/1607/2018. Acéptase a cesión e concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para legalización de obras executadas e obras pendentes de executar na vivenda unifamiliar situada na rúa Fonte de Mallou, 24. LIC/2090/2018. Concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras de reforma e ampliación da edificación destinada a Centro de Día e Residencial para discapacitados psíquicos na rúa Santa Teresa Jornet, 17. LAP/174/2018. Concédese a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para rehabilitación de edificio de pranta baixa para vivenda unifamiliar na rúa Trisca, 3. LIC/84/2019. Concédese a licenza.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para rehabilitación do Colexio Maior Universitario sito na rúa Laverde Ruíz, 1. LIC/1162/2019. Concédese a licenza.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras de conservación e mantemento e ampliación de vivenda unifamiliar situada na rúa de Muros, 71. LIC/312/2019. Concédese a licenza.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á execución da sentenza ditada no PO 505/2015 e 76/2016 en relación coa incautación do aval depositado por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR S.L. Acórdase a execución do aval para responder das obras de urbanización pendentes de recepción no polígono SUNP-31.1, e constitúese a cantidade de 362.538,43 euros como garantía das obras de urbanización, sendo posible a devolución parcial a medida que o Concello efectúe recepcións parciais ou se presenten novas garantías polos peticionarios de licenzas de edificación anticipada. Procédese á reintegrar ao avalista a cantidade de 144.561,43 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019-2020". Adxudícase o devandito contrato á empresa Alimentación Saudable Gallega, SLU, que se compromete a un prezo de 4,92 euros para o xantar e de 1,76 euros para o almorzo (ambas cantidades IVE excluído). Tamén se compromete á implantación dun sistema que garante o control individualizado de presenza diaria do alumnado usuario do comedor; ao emprego de envases de contido reciclado, a un plan de formación para os/as traballadores/as de 150 horas, unha cociña central a non máis de 25 quilómetros do centro educativo máis alonxado e ao emprego dun 70% de produto fresco, do 15% de produtos de produción ecolóxica e o 90% de produtos da contorna.

O gasto máximo previsto para este contrato ao inicio do expediente era de 1.044.850 euros. A Consellería de Educación colabora economicamente na xestión e organización deste servizo mediante unha achega de 81.613 euros para o ano 2020.

Apróbbase igualmente o prezo autorizado dos servizos de comedor e madrugadores para o ano 2020: 4,50 euros (IVE engadido) por xantar/comensal/día e 1,94 euros (IVE engadido) por almorzo/comensal/día.

11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización de uso á Asociación Cantigas e Agarimos dun espazo no antigo CEIP Ramón Cabanillas do Castiñeirño. Autorízase o uso de catro aulas para actividades relacionadas coa música, cantigas, baile e traxe galegos, polo prazo de catro anos.

12.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao nomeamento dos membros do xurado dos Premios de creación literaria SELIC 2019. Noméase como membros do xurado a Elena Villar Janeiro, Francisco Macías Macías, Iris Cochón Otero, Eduardo Ezequiel Nicolano Ezequiel e Francisco Valeiras González.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á autorización da cesión da praza nº 5 do aparcamento subterráneo da rúa Romero Donallo. Autorízase a cesión.

14.- Xustificación de diversos convenios. Apróbbase a xustificación dos convenios subscritos con: Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer (Agadea), 3.000 €; Club Victoria, 10.000 €; Club Triatlón Santiago, 20.000 €; e Museo do Pobo Galego, 30.000 €.

15.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse dúas propostas e a súa correspondente indemnización substitutiva por importes de 12.384,35 € e de 10.737,54 € a favor de Ethical Services for Animals SL, polo servizo de lacería nos períodos xullo a setembro, parte variable e parte fixa, respectivamente.

16.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa á devolución de fianza do expediente de "Obras de Construción do novo parque comarcal de BOMBEIROS en Salgueiriños". CON/243/2004. Autorízase a devolución da fianza, constituída pola empresa Extraco, SA, por importe de 75.128,20 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa á devolución de fianza do expediente de "Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materia urbanística, de ruído, de espazo público, publicidade e inspección técnica de inmobles". CON/107/2012. Autorízase a devolución da fianza, constituída pola empresa Asesores Locales Consultoría, SA, por importe de 1.446,28 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa á devolución de fianza do expediente de "Servizo de elaboración dun Plan Director de sustentabilidade e eficiencia enerxética 2020 do Concello de Santiago de Compostela". CON/87/2013. Autorízase a devolución da fianza, constituída pola empresa Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, por importe de 2.912,50 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa á devolución de fianza do expediente de "Obras incluídas no Proxecto de Reurbanización da rúa de SAN PEDRO". CON/102/2012. Autorízase a devolución da fianza, constituída pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, SL, por importe de 1.697,03 euros.

20.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa á devolución de fianza do expediente de "Obras incluídas no Proxecto de Reurbanización da rúa de SAN PEDRO. MODIFICADO". CON/102/202. Autorízase a devolución da fianza, constituída pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, SL, por importe de 17.371,81 euros.

21.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente, Parques e Xardíns relativa á aprobación do expediente "Contrato baseado nun acordo marco para a contratación da subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o devandito expediente e gasto, e ábrese o procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 3.475.158,79 euros (IVE incluído).

22.- Proposta da alcaldía relativa á aceptación de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da Orde do 18.9.19, para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019. Acéptase a subvención por importe de 10.070,79 euros.

23.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde para dar conta da adhesión do Concello de Santiago ao Convenio de Colaboración suscrito o 13.11.19 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde. Dáse conta da adhesión ao devandito convenio, en virtude do cal a Xunta de Galicia achega 535.931,10 euros.

24.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais para dar conta da concesión da subvención concedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ao abeiro da "Orde do 6 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a Corporacións Locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 a 2021, cofinanciada polo Fondo Europeo no marco do programa operativo FSE GALICIA 2014-2020". Dáse conta da concesión dunha subvención por importe de 395.714,77 euros.

URXENCIAS

LIC/618/2018.- CARMEN REY MOSQUERA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para realizar proxecto de segregación no lugar de Reboredo, 19.

LIC/1936/2018.- TERRAS DO SAR, SL.- Conceder licenza para obra de construción de edificación de nave terciaria sen uso específico na rúa Castela e León, 8, parcela N4a01c do polígono da Sionlla.

1.- Proposta da concelleira delegada de Deportes sobre transferencia en execución de addenda ao convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela de xestión do Complexo Deportivo Fontes do Sar, ratificada en acordo da Xunta de Goberno de 30 de setembro de 2014. Valídase o devandito acordo de ratificación da aprobación da addenda, pola cal se modificaba a súa cláusula quinta, e apróbase o gasto por importe de 91.115 euros en cumprimento des addenda.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas relativa contrato de subministración de uniformidade para a Policía Local. Declárase a caducidade dos expedientes iniciados por acordo da Xunta de Goberno do 9 de novembro de 2018.

3.- Actuación de emerxencia na rúa da Costiña do Monte. Apróbase a actuación e dáse conta dos informes dos arquitectos de Concello e Consorcio sobre revisión de muros, e acórdase requirir a presentación dun plan de actuacións de emerxencia para o día 26 ao director de Urbanismo e ao xefe do Servizo de Obras. Tamén se acorda requirir aos/ás titulares dos bens que ofrezan risco para a súa subsanación.

4.- Actuacións urxentes. Dáse conta das actuacións realizadas durante a fin de semana.